


Estudo xeolingüístico da entoación galego-portuguesa

Elisa Fernández Rei

Lurdes de Castro Moutinho



Fernández Planas, A. Ma. (ed.) (2016): *53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística*, Barcelona, págs. 201-208.

ISBN: 978-84-608-9830-6.

Estudo xeolingüístico da entoación galego-portuguesa

Elisa Fernández Rei
Universidade de Santiago de Compostela
elisa.fernandez@usc.es

Lurdes de Castro Moutinho
Universidade de Aveiro
lmoutinho@ua.pt

Para Eugenio, compañero en aventuras fonéticas y melódicas.


1. OS INICIOS

Entre o 22 e 25 de abril de 2001 tivo lugar en Grenoble o Primeiro Seminario do proxecto AMPER (Atlas Multimedia da Prosodia do Espazo Románico). Nese encontro, grazas ao convite do profesor Contini, participaron investigadores provenientes de distintos lugares de Europa. Todos eles compartían o interese pola prosodia e pola entoación e ese encontro supuxo o comezo «oficial» dun proxecto que, co tempo, daría lugar a unha fructífera colaboración entre moitos grupos de investigación de Europa e América. Entre os convidados estaba o profesor Eugenio Martínez Celdrán, a quen as autoras destas liñas tivemos o pracer de coñecer naquel encontro e o privilexio de reencontrar posteriormente en moitos outros eventos académicos e reunións científicas.

Cando o proxecto AMPER comezou a dar os seus primeiros pasos, constituíronse varios comités encargados dos diferentes dominios lingüísticos. Eugenio encargaríase do dominio español, Lurdes do portugués e Elisa do galego. Todos eles, así como moitos outros compañeiros colaboradores de AMPER, tivemos ocasión de reunirmos para traballar, e tamén para divertirnos, en moitos lugares e momentos. Se cadra, entre eses encontros, gardamos unha lembranza especial para o celebrado en Barcelona no ano 2008 con motivo da celebración do *Simposio 30 aniversario do Laboratorio de Fonética de UB*. Dalgunha maneira aquel aniversario do laboratorio foi tamén un recoñecemento de todos nós á persoa que tanto fixera polo propio laboratorio e polo desenvolvemento dos estudos de fonética e de entoación.

E agora preséntasenos o desafío de facermos unha contribución que homenaxe a figura de Eugenio. Pensamos que a mellor maneira sería ofrecerlle o noso traballo, a nosa contribución á descrición e análise da variación prosódica dialectal do galego e do portugués europeo continental.

A colaboración entre os equipos galego e portugués presentábase desde o inicio como case obrigatoria, pola relación xenética existente entre as dúas linguas e mesmo pola proximidade xeográfica. Desde aquela reunión en Grenoble en 2001, son case quince anos que levamos traballando xuntos e que deron algúns froitos, que nos gustaría presentar de maneira resumida neste artigo.



2. CONTRIBUCIÓNS AO ESTUDO XEOLINGÜÍSTICO DA ENTOACIÓIN GALEGO-PORTUGUESA

2.1. Análise acústica

Nos primeiros traballos (Fernández Rei e Moutinho 2006, Moutinho e Fernández Rei 2008) o noso interese centrouse fundamentalmente no estudo das variedades máis próximas á fronteira. Nestas primeiras investigacións constatamos que, a pesar de atoparmos diferenzas entre as entoacións galega e portuguesa desta área, a súa similitude é notable e presentaban máis proximidade entre elas do que cada unha delas cando se comparaban con outras variedades da súa propia lingua. En Moutinho e Fernández Rei (2008) mesmo apuntabamos por primeira vez a posible existencia dun continuum prosódico que iría desde a faixa atlántica galega ata a rexión do Miño portugués, situando pois as variedades do suroeste galego (zona das Rías Baixas e Baixo Miño) próximas do portugués.




Figura 1. Contornos estilizados das interrogativas portuguesas e galegas (de norte a sur) con complementos nas tres acentuacións



Nun terceiro traballo (Moutinho et al, 2009) abordábase o estudo da modalidade interrogativa, considerando un maior número de puntos de recolla (8 localidades) situados nun eixe norte-sur máis abranxente. Como podemos ver na figura 1, o dato máis relevante tiña que ver con que as variedades do norte de Galicia (Cariño e O Incio) se distinguen claramente do resto das variedades galegas e portuguesas e responden ao denominado patrón do *galego común* (Fernández Rei e Escourido, 2008). Nese mesmo gráfico, observamos que as restantes variedades presentan un movemento circunflexo asociado ao último acento do enunciado, o acento nuclear, considerado o máis relevante desde o punto de vista perceptivo. Este comportamento aparece tanto nas variedades da costa do suroeste galego (O Grove e Cangas), como nas catro variedades do norte de Portugal (Prado, Alfândega da Fé, Trinta e Aradas).

Este traballo viña confirmar, pois, a pertinencia da delimitación dunha área prosódica común entre galego e portugués, tal e como xa se avanzara en Moutinho e Fernández Rei (2008), da que estarían excluídas as variedades galegas fóra da zona das Rías Baixas. Neste mesmo sentido apunta un traballo posterior (Fernández Rei et al, 2014), que nesta ocasión pretendía contribuír para unha mellor delimitación de áreas prosódicas do diasistema galego-portugués e que contemplaba un maior número de puntos de enquisa. Nel constatamos, unha vez máis, que as Rías Baixas e as variedades miñota e trasmontana se aproximan, nomeadamente polo comportamento do núcleo tonal.


2.2. Análise dialectométrica

Para responder á pregunta de se realmente podíamos considerar a existencia dunha área xeoprosódica común a galego e portugués, cumpría determinar a magnitude da semellanza (e da diferenza) do conxunto das variedades galegas e portuguesas. Así, desenvolvemos unha análise dialectométrica, feita con base en todos os datos do portugués europeo continental e do galego: 8305 enunciados producidos por 46 informantes e recollidos en 24 puntos de enquisa (Fernández Rei et al, en prensa).

Os resultados obtidos permitíronnos confirmar as descrições acústicas previas, como se pode constatar na figura 2, que presenta un mapa de Galicia e Portugal en que se representan as áreas xeoprosódicas obtidas a partir dunha análise de clúster, que consiste no agrupamento de datos en conxuntos definidos segundo unha medida de similitude (Martínez Calvo e Fernández Rei, 2015).

Confírmase así a existencia dunha área en Galicia, a zona das Rías Baixas e o Baixo Miño, que presenta semellanzas coa entoación portuguesa das variedades máis próximas xeograficamente. Con todo, sinala tamén unha proximidade prosódica entre unha área portuguesa, descontínua e aínda non ben claramente definida pola falta de datos, e a área galega que se caracteriza por presentar o denominado padrón común ou estándar das interrogativas absolutas galegas (Fernández Rei et al, 2014:132-133).

Con todo, detectouse a necesidade de máis datos acústicos que nos permitisen completar a análise dialectométrica, pois a área centro-meridional de Portugal non está aínda ben representada nos nosos datos. Así mesmo, tamén se revelou importante realizar tests perceptivos que validasen os resultados obtidos para saber se os oíntes galegos e



portugueses perciben ou non estas distancias entre as entoacións dialectais para as interrogativas das variedades estudadas. É diso do que nos ocuparemos na seguinte sección.





Figura 2. Clústers para as correlacións intra- e entre-puntos.

2.3. Análise perceptiva

Os tests perceptivos centráronse na variación prosódica en interrogativas galegas e portuguesas, tendo como principais obxectivos: validar os datos prosódicos recollidos en diferentes puntos de enquisa en Galicia e en Portugal e medir a distancia prosódica percibida entre variedades da propia lingua fronte ás variedades da outra lingua (Fernández Rei et al, 2014:133 e ss).

Os tests realizáronse en 2013 en Santiago de Compostela con xuíces galegos e en Aveiro con xuíces portugueses e foron realizados a través da plataforma FOLERPA (<http://ilg.usc.es/FOLERPA/>). O experimento presentaba seis estímulos do *galego común* (3 de Ribadeo e 3 do Incio), seis estímulos das Rías Baixas (3 do Grove e 3 de Cangas) e



doce estímulos do portugués (3 de Alfândega da Fé, 3 de Monforte, 3 de Vila do Bispo e 3 de Monte Gordo). Eran, por tanto, un total de 24 estímulos, cada un deles repetido cinco veces, ordenados aleatoriamente e presentados en dous bloques de 60 casos (*trials*) cada un.

Todos os estímulos presentados consistían en enunciados sintetizados a partir das realizacións recollidas en cada un deses puntos de enquisa. Os xuíces oían cada enunciado e tiñan que responder á pregunta *É galego?* no caso dos galegos e a *É portugués?* no caso dos portugueses. En ambos os casos sabían que todos os enunciados que ían oír eran interrogativas absolutas galegas ou portuguesas.

Sen entrarmos agora en moitos detalles, mostramos na figura 3 como os xuíces portugueses teñen máis dificultade para identificar a variedade máis prototípica do portugués, o que corrobora os resultados dialectométricos, en que vimos que Portugal aparecía como unha área prosódica moito máis compacta. Agora ben, tanto galegos como portugueses están de acordo en considerar a entoación do *galego común* (Ribadeo e O Incio) como a máis prototípica do galego (e a menos prototípica do portugués), o que tamén corrobora os resultados acústicos e dialectométricos.




Figura 3. Respostas é galego/portugués por punto de enquisa (Ribadeo, O Incio, O Grove, Cangas, Alfândega de Fé, Monforte, Vila do Bispo, Monte Gordo).

Cómpre con todo aprofundar este estudo, pois observouse un importante peso da lingua materna dos xuíces galegos nas súas respostas. Tamén parece que non se demostra que os xuíces atopen semellanzas entre o *galego común* (representado no experimento por Ribadeo e O Incio) e as variedades portuguesas que na análise dialectométrica parecían amosar unha distancia menor con elas (Alfândega da Fé e Vila do Bispo).



3. CABO

Comezamos a traballar no proxecto AMPER naquel mes de abril de 2001 co obxectivo de construírmos un atlas prosódico de todas as variedades románicas. Son moitos os traballos realizados ao longo destes anos no ámbito do galego e do portugués, mais tamen no dominio do catalán e do español, así como noutras variedades románicas. Os avances son mérito de todos os grupos participantes e da súa xenerosidade para compartir coñecemento e experiencias.

No caso dos equipos portugués e galego de AMPER, como acabamos de presentar, procurouse contribuír ao avance do coñecemento no que se refire á relación dialectal e histórica da entoación do galego e do portugués, aínda que nos quede por diante moito camiño por andar e moitos proxectos por emprender.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FERNÁNDEZ REI, E. e A. ESCOURIDO (2008): «La entonación de las interrogativas totales a lo largo de la costa gallega», en A. Turculet (ed.): *La variation diathopique de l'intonation dans le domaine roumain et roman*, Iasi, Editura Universitatii Alexandru Ioan Cuza, pp. 151-166.
- FERNÁNDEZ REI, E. e L. de C. MOUTINHO (2006): «A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?», en C. Mourón e T. I. Moralejo (eds.): *Studies in Contrastive Linguistics. Proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 265-276.
- FERNÁNDEZ REI, E. e L. de C. MOUTINHO (2015): «Essa pergunta... é português?», póster presentado no *Gallaecia-III Congreso Internacional de Lingüística Histórica*, Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, E.; L. de C. MOUTINHO e R. L. COIMBRA (en prensa): «Contribution to the Diachronic Study of Galician and Portuguese Prosodies», en *Dialectologia et Geolinguistica*, 24, pp. 42-61.
- FERNÁNDEZ REI, E.; L. de C. MOUTINHO e R. L. COIMBRA (2014): «As entoacións galega e portuguesa: a fronteira á luz da dialectometría e da percepción», en X. Sousa; M. Negro e R. Álvarez (eds.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 115-141.
- MARTÍNEZ CALVO, A. e E. FERNÁNDEZ REI (2015): «Unha ferramenta informática para a análise dialectométrica da prosodia», *Estudios de Fonética Experimental*, XXIV, pp. 289-303
- MOUTINHO, L. de C. e E. FERNÁNDEZ REI (2008): «Do sul da Galiza ao norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental», *Fórum Lingüístico*, 5, 1, pp. 63-75.
- MOUTINHO, L. de C.; R. L. COIMBRA e E. FERNÁNDEZ REI (2009): «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o Galego e o Português europeu», *Cadernos de Letras da UFF*, 39, pp. 67-78.
- MOUTINHO, L. de C.; R. L. COIMBRA e E. FERNÁNDEZ REI (2015): «Atlas prosódico de Portugal continental e da Galiza: esboço de um projeto», póster presentado nas *IV Jornadas Ciências da Linguagem*, Aveiro.
- MOUTINHO, L. de C.; R. L. COIMBRA e E. FERNÁNDEZ REI (2015): «Para a construção de um atlas prosódico de Portugal e da Galiza. Uma ideia com futuro», póster presentado no *Colóquio Internacional de Geoprosódia do Português e do Galego*, Aveiro.